



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

X legislatura
Número 259
13 de febreiro de 2018



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

■ Emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (10/PL-000009)

Emendas ao articulado:

- Do G. P. de En Marea, 23 emendas (doc. núm. 25410) [81123](#)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia, 46 emendas (doc. núm. 25607) [81136](#)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, 33 emendas (doc. núm. 25634) [81150](#)
- Do G. P. Popular de Galicia, 4 emendas (doc. núm. 25651) [81160](#)

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

■ Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 223, fasc. 3, do 5 de decembro de 2017, da Lei de portos de Galicia [81121](#)

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.1. Proxectos de lei

Emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (10/PL-000009)

A Mesa da Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na súa sesión do día 12 de febreiro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

Cualificación das emendas ao articulado presentadas ao Proxecto de lei pola que se modifica a Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia (10/PL-000009)

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan aos requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acorda a súa cualificación co seguinte detalle:

Emendas ao articulado:

- Do G. P. de En Marea, 23 emendas (doc. núm. 25410)
- Do G. P. dos Socialistas de Galicia, 46 emendas (doc. núm. 25607)
- Do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, 33 emendas (doc. núm. 25634)
- Do G. P. Popular de Galicia, 4 emendas (doc. núm. 25651)

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 223, fasc. 3, do 5 de decembro de 2017, da Lei de portos de Galicia

Advertido un erro na publicación da Lei de portos de Galicia (BOPG núm. 223, fasc. 3, do 5 de decembro de 2017), procédese á súa corrección nos seguintes termos:

Na páxina 66984, versión en lingua galega, onde di:

«CAPÍTULO II
Das actividades comerciais e industriais e doutra natureza»

Debe dicir:

«CAPÍTULO III
Das actividades comerciais e industriais e doutra natureza»

Na páxina 67097, versión en lingua castelá, entre os artigos 123 e 124 debe introducirse a seguinte epígrafe:

«CAPÍTULO III
De las actividades comerciales e industriales y de otra naturaleza»

Santiago de Compostela, 12 de febreiro de 2018
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado oficial maior

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO EN MAREA
AO PROXECTO DE LEI POLO QUE SE MODIFICA A LEI 8/2008, DO 10 DE
XULLO, DE SAÚDE DE GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-000009).**

Emenda nº1, de Substitución. Un

Débase substituír o texto do Título Un polo seguinte:

“ Artigo 23º.- Órganos e fórmulas de participación social.

1. Esta lei prevé como órgano de participación comunitaria o Consello Galego de Saúde e, no ámbito de cada área sanitaria, os consellos de saúde de área.

2. Estes órganos desenvolverán funcións consultivas e de asesoramento na formulación de plans e obxectivos xerais no ámbito territorial respectivo, así como no seguimento e na avaliación dos resultados de execución.

3. Esta lei prevé outras fórmulas de participación social e individual tales como as comisións de participación cidadá e o voluntariado.

4. Os membros dos órganos de participación terán dereito á información relativa ás materias sobre as que teñan competencia, con acceso e consulta, en calquera momento e nun tempo razoable, de datos ou documentos dispoñibles pola administración da que dependa o órgano consultivo.

5. Na composición destes órganos respetarase obrigatoriamente a paridade entre mulleres e homes.”

Emenda nº2, de Substitución. Dous

Débase substituír o texto do Título Dous polo seguinte:

“ Artigo 24. Consello Galego de Saúde

1. O Consello Galego de Saúde é o principal órgano colexiado de participación comunitaria no Sistema Público de Saúde de Galicia ao que lle corresponde o asesoramento á Consellería de Sanidade da Xunta na formulación da política sanitaria e no control da súa execución.

2. A persoa titular da presidencia do Consello Galego de Saúde é a titular da Consellería de Sanidade.

3. O Consello Galego de Saúde componse dos e das seguintes vogais:

a) Cinco vogais en representación da Administración sanitaria da Xunta, designados pola persoa titular da Consellería de Sanidade.

b) Unha vogal en representación da Secretaría de Igualdade da Xunta, designada pola propia Secretaría.

c) Doce vogais en representación da cidadanía, a través das entidades locais.

d) Nove vogais en representación das organizacións sindicais máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

e) Nove vogais en representación das organizacións empresariais máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia.

f) Catro vogais en representación das organizacións de consumidores/as e usuarios/as.

g) Seis vogais en representación dos colexios profesionais sanitarios.

h) Dous vogais en representación das reais academias radicadas en Galicia e cuns fins que se relacionen directamente coas ciencias da saúde.

i) Un/Unha representante por cada unha das universidades públicas.

l) Catro vogais en representación das asociacións de doentes e familiares máis representativas.

m) Dous representantes das asociacións veciñais galegas.

4. Por decreto da Xunta de Galicia determinaranse os sistemas de asignación de representantes de entre as distintas organizacións e entidades representadas no Consello Galego de Saúde, así como os mecanismos para a súa designación, e máis as normas xerais de organización e funcionamento. A representación das organizacións sindicais e empresariais fixarase tomando en consideración os criterios sinalados no artigo 28 desta lei.

5. As persoas membros do Consello Galego de Saúde son nomeadas e separadas do cargo por quen ostente a titularidade da Consellería de Sanidade, por proposta de cada unha das representacións que o compón. O nomeamento farase por un período máximo de catro anos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan ser reelixidas sucesivamente, sempre que contén coa representación requirida.

6. Son funcións do Consello Galego de Saúde:
- a) Coñecer as directrices da política sanitaria de Galicia aprobadas polo Consello da Xunta e a súa avaliación.
 - b) Coñecer e emitir informe sobre o anteproxecto do Plan de saúde e ser informado da súa avaliación.
 - c) Coñecer e ser informado dos contratos de servizos sanitarios, dos concertos e dos programas de subvencións, así como da avaliación do informe do seguimento relativo a eles.
 - d) Coñecer e emitir informe sobre o anteproxecto de memoria anual do Sistema Público de Saúde de Galicia.
 - e) Coñecer e emitir informe do proxecto de orzamento da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, así coma do resto de entes autónomos sanitarios de os haber.
 - f) Coñecer e emitir informe do grao de execución orzamentaria da Consellería de Sanidade, do Servizo Galego de Saúde, así coma do resto de entes autónomos sanitarios de os haber.
 - g) Coñecer e informar das prestacións sanitarias e da carteira de servizos do Sistema Público de Saúde de Galicia.
 - h) Propor aquelas medidas de carácter sanitario que contribúan a elevar o nivel de saúde da poboación.
 - i) Emitir, por solicitude da administración sanitaria da Xunta ou por iniciativa propia, informes ou ditames en materia de lexislación e política sanitaria xeral.
 - l) Elaborar e aprobar o seu regulamento de funcionamento interno.

7. Na composición deste órgano será obrigada a paridade entre mulleres e homes.”

Emenda nº3, de Substitución. Tres

Débase substituír o texto do Título Tres polo seguinte:

"Artigo 25º. Participación territorial. Os consellos de saúde de área

1. Os consellos de saúde de área son os órganos colexiados de natureza consultiva a través dos que se articula a participación comunitaria no terreo das áreas sanitarias.

2. Os consellos de saúde de área están integrados pola representación das seguintes entidades e organizacións:

a) Entidades locais comprendidas na área sanitaria.



- b) Agrupacións ou federacións de asociacións veciñais con actuación no ámbito da área sanitaria.
- c) Organizacións empresariais intersectoriais máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia e presentes na área sanitaria.
- d) Organizacións sindicais máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia.
- e) O director ou a directora da área sanitaria correspondente, os/as xerentes dos dispositivos, dos centros e dos establecementos do Servizo Galego de Saúde comprendidos na área sanitaria e de ser o caso, as persoas representantes dos equipos directivos dos citados dispositivos, centros e establecementos.
- f) A persoa responsable de área de saúde pública.
- g) Unha persoa representante da Consellería de Sanidade.
- h) Unha persoa representante da Secretaría de Igualdade.
- i) Asociacións de doentes e familiares.

3. Por orde da persoa titular da Consellería de Sanidade determinaranse a composición dos consellos de saúde de área e os sistemas de asignación de representantes de entre as distintas organizacións e entidades representadas no seu seo, así como os mecanismos para a súa designación.

4. As persoas membros dos consellos de saúde de área son nomeadas e separadas do cargo por quen ostente a titularidade da Consellería de Sanidade, por proposta de cada unha das representacións que o compón. O nomeamento farase por un período máximo de catro anos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan ser reelixidas sucesivamente, sempre que contén coa representación requirida.

5. Son funcións dos consellos de saúde de área, no ámbito da área sanitaria respectiva:

- a) Proporlles aos órganos de dirección da área aquelas medidas de carácter sanitario que contribúan a elevar o nivel de saúde da poboación.
- b) Coñecer e emitir informe sobre o anteproxecto do Plan de saúde ou documento estratéxico da área sanitaria e ser informados da súa avaliación.
- c) Coñecer a memoria anual da área sanitaria, para os efectos do seguimento e a avaliación da xestión.
- d) Coñecer e ser informados dos contratos de servizos sanitarios, dos concertos e dos programas de subvención feitos na área.
- e) Propor medidas dirixidas a mellorar a xestión sanitaria.

6. Por orde da persoa titular da Consellería de Sanidade estableceranse as normas xerais de organización e funcionamento dos consellos de saúde de área.

7. Na composición destes órganos será obrigada a paridade entre mulleres e homes.”

Emenda nº4, de Supresión. Catro

Débese suprimir o texto do Título Catro.

Emenda nº5, ao apartado 2, de Substitución. Cinco

Débese substituír no Título Cinco, apartado 2 a seguinte expresión:

Onde di: “Na composición deste órgano procurarse unha composición equilibrada de mulleres e homes.”

Debe dicir: “Na composición deste órgano será obrigada a paridade entre mulleres e homes.”

Emenda nº6, ao apartado 1, de Substitución. Seis

Débese substituir o texto do apartado 1 do Título Seis polo seguinte:

"1. Dentro das súas respectivas competencias teñen a condición de autoridade sanitaria o Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da Consellería de Sanidade, as persoas titulares dos órganos de dirección da Consellería con competencias en materia de sanidade de quen dependan a inspección de servizos sanitarios e a inspección no ámbito da saúde pública e os alcaldes ou alcaldesas. No desempeño das súas funcións o persoal que leve a cabo as funcións de inspección terá a consideración de autoridade sanitaria."

Emenda nº7, de Supresión. Dez

Débese suprimir o texto do Título Dez.

Emenda nº8, de Substitución. Once

Débese substituír o texto do Título Once polo seguinte:

"Artigo 68º. As áreas sanitarias.

1. As áreas sanitarias constitúen a demarcación territorial equivalente ás áreas de saúde previstas no artigo 56 da Lei 14/1986, do 25 de abril, xeral de sanidade.

2. A división territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia estrutúrase nas seguintes áreas sanitarias:

- a) Área sanitaria da Barbanza.
- b) Área sanitaria de A Coruña.
- c) Área sanitaria da Mariña.
- d) Área sanitaria de Cee.
- e) Área sanitaria de Ferrol.
- f) Área sanitaria de Lugo.
- g) Área sanitaria de Monforte de Lemos.
- h) Área sanitaria de O Barco de Valdeorras.
- i) Área sanitaria de Ourense.
- l) Área sanitaria de O Salnés.
- m) Área Sanitaria de Pontevedra.
- n) Área Sanitaria de Santiago de Compostela.
- ñ) Área Sanitaria de Verín.
- o) Área sanitaria de Vigo.

3. O ámbito xeográfico de cada unha das áreas sanitarias determinarase por decreto do Consello da Xunta por proposta da Consellería de Sanidade, en función das necesidades sanitarias da comunidade autónoma e tendo en conta factores xeográficos, socioeconómicos, demográficos, laborais, de dotación de vías e medios de comunicación e mais os criterios e as directrices de ordenación e de desenvolvemento territorial establecidos pola Xunta de Galicia.

4. Correspóndelles ás áreas sanitarias a xestión integrada dos recursos sanitarios asistenciais públicos do seu ámbito territorial, así como das prestacións e dos programas sanitarios que estas desenvolvan.

5. A estrutura e as funcións dos órganos de dirección e xestión das áreas sanitarias e dos dispositivos sanitarios dependentes destas, de ser o caso, determinaranse regulamentariamente, tomando en consideración o reflectido no artigo 25º desta Lei.”

Emenda nº9, de Supresión. Doce

Débese suprimir o texto do Título Doce.

Emenda nº10, de Supresión. Quince

Débese suprimir o texto do Título Quince.

Emenda nº11, de Supresión. Dezaseis

Débese suprimir o texto do Título Dezaseis.

Emenda nº12, de Substitución. Dezanove

Débese substituír o texto do Título Dezanove polo seguinte:

"CAPÍTULO III

Da investigación biomédica no Sistema Público de Saúde de Galicia

Artigo 131º.-Principios xerais.

1. A Administración sanitaria promoverá a investigación biosanitaria como un instrumento para a mellora da saúde da poboación tendo en conta as prioridades marcadas polo Plan galego de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica e polo Plan de saúde. Todos os centros e servizos sanitarios estarán en disposición de favorecer e desenvolver a investigación.

2. As autoridades públicas competentes en investigación e sanidade establecerán o réxime de colaboración co Sistema Público de Saúde de Galicia que terá coma obxectivo último o beneficio comunitario, social e público.

A Administración sanitaria tamén promoverá a valorización, protección e a transferencia ao sistema público do amplo coñecemento xerado polo seu persoal.

3. Estableceranse os mecanismos de coordinación do Plan galego de investigación e desenvolvemento en materia sanitaria co Plan galego de I+D+I.

Así mesmo, a administración autonómica garantirá a suficiencia financeira da investigación pública e as condicións laborais das persoas investigadoras asegurando a estabilidade que permita levar a cabo o desenvolvemento dos estudos e proxectos.

4. A Administración sanitaria impulsará, en coordinación coa consellería competente en materia de I+D+I e desenvolverá os mecanismos de cooperación, colaboración e articulación de redes tendentes a favoreceren que o sector sanitario se converta nun dos motores de desenvolvemento económico de Galicia en termos de actividade produtiva, de xeración de emprego de calidade, de incremento da produtividade e de achega ao PIB galego.

5. A administración autonómica garantirá a transparencia nos acordos de colaboración ou contratos con calquer outra administración, entidade ou persoa física ou xurídica que impliquen a utilización das infraestruturas e recursos materiais e humanos do sistema público de saúde."

Emenda nº13, de Substitución. Vinte

Débase substituír o texto do artigo 139 do Título Vinte polo seguinte:

"Artigo 139. Composición e funcionamento

1. A composición da comisión, da que formarán parte as persoas titulares das consellerías con competencia en materia educativa e sanitaria, regularase por Decreto do Consello da Xunta e contará de xeito relevante con profesionais especialistas en medicina e enfermaría comunitaria, así coma profesionais de educación, traballo social e pedagogía.



2. As normas xerais de organización e funcionamento da comisión estableceranse por orde conxunta das consellerías competentes en materia educativa e sanitaria.

3. Na composición deste órgano será obrigada a paridade entre mulleres e homes.”

Emenda nº14, de Substitución. Disposición transitoria primeira

Débese substituír o texto da Disposición transitoria primeira polo seguinte:

“Disposición transitoria primeira. Ordenación territorial transitoria.

En tanto non se desenvolva regulamentariamente a ordenación territorial do Sistema Público de Saúde de Galicia prevista na presente lei, o ámbito xeográfico das áreas e zonas sanitarias, respectará e terá en conta as actuais estruturas organizativas.”

Emenda nº15, de Substitución. Disposición derogatoria única

Débese substituír o texto da Disposición derogatoria única polo seguinte:

“Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Quedan derogadas todas cantas normas de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta lei e, en particular, o Decreto 168/2010, do 7 de outubro, pola que se regula a estrutura organizativa de xestión integrada do Servizo Galego de Saúde.”

Emenda nº16, ao apartado 1, de Modificación. Exposición de motivos

Débese substituír no segundo parágrafo do apartado I a seguinte expresión:

Onde di: "áreas, distritos e zonas sanitarias"
Debe dicir: "áreas e zonas sanitarias"

Emenda nº17, ao apartado 2, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir o texto do segundo parágrafo do apartado II dende:

"Agora ben, na nosa Comunidade Autónoma,..." ata "coa das actuáis EOXI."

Emenda nº18, ao apartado 2, de Substitución. Exposición de motivos

Débese substituír no segundo parágrafo do apartado II o seguinte texto:

Onde di:

"Esta delimitación respecta as exigencias da normativa básica estatal. Así, se ben o número 5 do artigo 56 da Lei 14/1986, do 25 de abril, prevé, como regra xeral, que a área de saúde estenderá a súa acción a unha poboación non inferior a 200.000 habitantes nin superior a 250.000, o mesmo número configura tal regra sen prexuízo das excepcións necesarias, atendidos os factores expresados no número 4 do mesmo precepto. É dicir, como ten manifestado a xurisprudencia, o número 5 do artigo 56 recolle un criterio flexible ao admitir todas aquelas excepcións que procedan tendo en conta os factores enumerados no número 4 do mesmo precepto, polo que dispoñen as comunidades autónomas dunha marxe de apreciación do conxunto dos aspectos que conforman cada un deses factores de cada ámbito territorial."

Debe dicir:

"No relativo á ordenación do Sistema Público de Saúde de Galicia, a Lei 8/2008 establece unha demarcación territorial dividida en áreas e zonas sanitarias. Tendo o mapa sanitario actual unha división en once áreas sanitarias (de acordo co sinalado nos Decretos 55/1989, do 5 de abril, polo que se aproba a revisión do mapa sanitario de Galicia; 50/1992, do 19 de febreiro, polo que se crea a área de saúde de O Barco de



Valdeorras, e 324/1992, do 19 de novembro, polo que se crea a área de saúde de O Salnés). Sen embargo, a integración posterior no Servizo Galego de Saúde dos hospitais de Cee, Barbanza e Verín non se acompañou co conseguente recoñecemento das súas respectivas áreas sanitarias. Tal circunstancia impón a necesaria adecuación que fomente a iniciada descentralización e o progresivo achegamento dos servizos sanitarios ás diferentes poboacións galegas, feito que redunda na equidade no acceso aos servizos sanitarios.”

Emenda nº19, ao apartado 2, de Substitución. Exposición de motivos

Débase substituír o texto do parágrafo 3, 4, 5, 6 7 do apartado II dende:

"Neste sentido, a actual configuración territorial..." ata "...Mapa sanitario de Galicia realizarase a partir das divisións indicadas."

Polo seguinte texto:

"Neste sentido, atendendo á nova configuración territorial dos servizos sanitarios de Galicia é mester modificar os instrumentos de organización e xestión, axustando as estruturas organizativas de xestión ás catorce áreas sanitarias de Galicia.

Coa finalidade de manter a continuidade do sistema público de saúde, ditas estruturas organizativas de xestión adaptaranse ás catorce áreas sanitarias: A Barbanza, A Coruña, A Mariña, Cee, Ferrol, Lugo, Monforte de Lemos, O Barco de Valdeorras, Ourense, O Salnés, Pontevedra, Santiago de Compostela, Verín e Vigo.

Así mesmo, no deseño das novas estruturas organizativas deberá ser contemplada a necesidade de diferentes ámbitos de xestión para a atención primaria, así como para a atención especializada dentro de cada área sanitaria.

O establecemento do novo Mapa sanitario de Galicia realizarase a partir das divisións indicadas.”

Emenda nº20, ao apartado 3, de Substitución. Exposición de motivos

Débase substituír o texto do segundo e terceiro parágrafo do apartado III polo seguinte:

"A modificación que se realiza ten coma finalidade por unha banda introducir o criterio de xénero no control e deseño das políticas públicas en materia sanitaria. O sesgo de xénero atopado en moitas políticas públicas e a necesidade de introducir a igualdade entre mulleres e homes como materia transversal a todas as políticas xustifican este cambio. Ademais, tendo en conta que a violencia machista constitúe un problema de primeira orde, parece lóxico que esta medida poida axudar a mellorar o control dos aspectos que teñen que ver co eido sanitario.

Por outra banda, ampliáanse as capacidades do Consello Galego para que este teña a potestade de emitir informe sobre o proxecto orzamentario, dado o seu relevante impacto sobre as políticas sanitarias. A maiores ampliáase esta facultade tamén sobre a execución orzamentaria, coa fin de mellorar e ampliar o control que tamén exerce sobre a mesma o Consello de Contas."

Emenda nº21, ao apartado 4, de Supresión. Exposición de motivos

Débase suprimir no parágrafo primeiro do apartado IV o seguinte texto:

"Desta forma, ademais das persoas con funcións inspectoras que se integran nos servizos de inspección, terán a consideración de autoridade sanitaria, no exercicio das súas funcións, as persoas titulares dos respectivos órganos administrativos dos que dependen orgánica e funcionalmente, así como as persoas titulares das xefaturas territoriais da consellería competente en materia de sanidade. "

Emenda nº22, ao apartado 6, de Supresión. Exposición de motivos

Débese suprimir o texto do apartado VI.

Emenda nº23, ao apartado 7, de Substitución. Exposición de motivos

Débese suprimir o texto do apartado VII polo seguinte:

"En relación ao Título IX da Lei 8/2008, do 10 de xullo, adaptase o texto para garantir maior estabilidade do persoal docente e investigador, así coma a suficiencia de recursos para esta actividade.

O artigo 125 modifícase para recoller expresamente que a consellería competente en materia de sanidade establecerá os mecanismos necesarios para garantir o recoñecemento do exercicio das titorías e demais actividades docentes dos/as profesionais do Sistema Sanitario Público de Galicia.

O artigo 131 modifícase para recoller expresamente a obriga da administración de acadar a suficiencia finaciera que permita a continuidade de proxectos investigadores, así coma de asegurar coa mesma finalidade as condicións laborais do persoal público adicado a esta tarefa.

Por outra banda introdúcese o principio de beneficio comunitario dende o punto de vista social e sanitario coma obxectivo último da investigación pública.

Finalmente, coma garante dos dereitos á información e transparencia e para impedir a explotación do sistema público con fins que non satisfagan o beneficio comunitario, introdúcese a obriga da administración en canto á publicidade de contratos e acordos con outras administracións, persoas físicas ou xurídicas."

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 06/02/2018 18:05:43

Luis Villares Naveira na data 06/02/2018 18:05:59

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO
SOCIALISTAS DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI POLO QUE SE
MODIFICA A LEI 8/2008, DO 10 DE XULLO, DE SAÚDE DE GALICIA (NUM.
EXPE. 10/PL-000009).**

Emenda nº1, ao apartado 2, de Modificación. Un

No punto un débese modificar no número 2 do artigo 23 o seguinte contido:

Onde di: "...no ámbito territorial respectivo, así como de seguimento dos resultados de execución." debe dicir: "...no ámbito territorial respectivo, así como de seguimento e avaliación dos resultados de execución."

Emenda nº2, ao apartado 2 bis), de Adición. Un

No punto un débese engadir un novo número (inmediatamente despois do 2) no artigo 23, que quedará redactado co seguinte contido:

"2 *bis*. Os membros dos órganos de participación terán dereito á información relativa ás materias sobre as que teñan competencia, con acceso e consulta, en calquera momento e nun tempo razoable, respecto de datos ou documentos dispoñibles pola administración da que dependa o órgano consultivo."

Emenda nº3, ao apartado 3, de Modificación. Un

No punto un débese modificar o número 3 do artigo 23, que quedará redactado co seguinte contido:

Onde di: "...por decreto do Consello da Xunta, haberá representación dos concellos, dos colexios oficiais de profesionais..." debe dicir: "...por decreto do Consello da Xunta, haberá representación, como mínimo, dos concellos, dos colexios oficiais de profesionais..."

Emenda nº4, ao apartado 3 bis), de Adición. Un

No punto un débese engadir un novo número no artigo 23, que quedará redactado co seguinte contido:

"3 *bis*. De todas as xuntanzas realizadas por estes órganos levantarase a correspondente acta, que será publicada coa necesaria dilixencia para que poida ser consultada na páxina web da Xunta de Galicia."

Emenda nº5, ao apartado 3 bis), de Adición. Un

No punto un débese engadir un novo número no artigo 23 que quedará redactado co seguinte contido:

"3 *ter*. Os órganos de participación acordarán a periodicidade das súas xuntanzas, que deben realizarse, cando menos, con carácter semestral."

Emenda nº6, ao apartado c, de Modificación. Dous

No punto dous débese modificar a alínea c) no número 2 do artigo 24 que quedará redactada co seguinte contido:

"c) Coñecer e emitir informe sobre o plan de saúde ou o documento de prioridades sanitarias da Comunidade Autónoma."

Emenda nº7, ao apartado e, de Adición. Dous

No punto dous débese modificar a alínea e) no número 2 do artigo 24 que quedará redactada co seguinte contido:

"e) Coñecer e, de ser o caso, informar sobre as prestacións sanitarias e a carteira de servizos do Sistema Público de Saúde de Galicia."

Emenda nº8, ao apartado f, de Modificación. Dous

No punto dous débese modificar a alínea f) do número 2 do artigo 24, que quedará redactada co seguinte contido:

"f) Coñecer e emitir informe sobre o anteproxecto de memoria anual do Sistema Público de Saúde de Galicia."

Emenda nº9, ao apartado g, de Modificación. Dous

No punto dous débese modificar a alínea g) do número 2 do artigo 24, que quedará redactada co seguinte contido:

"g) Coñecer e emitir informe sobre o anteproxecto de memoria anual do Sistema Público de Saúde de Galicia."

Emenda nº10, ao apartado h, de Modificación. Dous

No punto dous débese modificar a alínea h) do número 2 do artigo 24, que quedará redactada co seguinte contido:

"h) Coñecer e emitir informe sobre o anteproxecto de orzamentos do Sergas e da Consellería de Sanidade."

Emenda nº11, ao apartado i, de Modificación. Dous

No punto dous débese modificar a alínea i) do número 2 do artigo 24, que quedará redactada co seguinte contido:

"i) Coñecer e emitir informe sobre o documento de prioridades sanitarias que se elabore pola consellería competente en materia de sanidade, conforme o Real decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización, e tendo en conta os criterios establecidos pola Comisión de Prestacións, Aseguramento e Financiamento, dependente do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde."

Emenda nº12, ao apartado f bis), de Adición. Dous

No punto dous débese engadir unha nova alínea número 2 do artigo 24, que quedará redactada co seguinte contido:

"f *bis*. Coñecer, emitir informe e ser informado respecto dos contratos de servizos sanitarios, dos concertos e dos

programas de subvencións, así como da avaliación do informe de seguimento relativo a eles."

Emenda nº13, ao apartado h bis), de Adición. Dous

No punto dous débese engadir unha nova alínea no número 2 do artigo 24, que quedará redactada co seguinte contido:

"h *bis*) Coñecer e emitir informe sobre os anteproxectos de lei e proxectos de decreto con incidencia no ámbito sanitario."

Emenda nº14, ao apartado 3, de Modificación. Dous

No punto dous débese modificar o número 3 do artigo 24, que quedará redactado co seguinte contido:

"3. O Consello Galego de Saúde será presidido pola persoa titular da consellería competente en materia de sanidade, e componse dos seguintes vogais:

- a) Tres vogais en representación da Administración sanitaria da Xunta de Galicia, designados pola persoa titular da consellería competente en materia de sanidade.
 - b) Seis vogais en representación da cidadanía, a través das entidades locais.
 - c) Cinco vogais en representación das organizacións sindicais máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - d) Cinco vogais en representación das organizacións empresariais máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia.
 - e) Dous vogais en representación das organizacións de persoas consumidoras e usuarias.
 - f) Tres vogais en representación dos colexios profesionais sanitarios.
 - g) Un vogal en representación das reais academias radicadas en Galicia e cuns fins que se relacionen directamente coas ciencias da saúde.
 - h) Un representante por cada unha das universidades públicas.
 - i) Dous vogais en representación das asociacións de pacientes e familiares máis representativas.
 - j) Un representante das asociacións veciñais galegas."
-

Emenda nº15, ao apartado 3 bis), de Adición. Dous

No punto dous débese engadir un novo número no artigo 24 que quedará redactado co seguinte contido:

"3 *bis*. En todo caso, as persoas representantes dos colectivos e entidades que formen parte do Consello serán elixidas polas propias entidades representadas."

Emenda nº16, ao apartado 1 bis), de Adición. Tres

No punto tres débese engadir un novo número no artigo 25, que quedará redactado co seguinte contido:

"1 *bis*. Os consellos de saúde de área están integrados pola representación das seguintes entidades e organizacións:

a) Entidades locais comprendidas na área sanitaria. En todo caso se garantirá a presenza de representantes dos concellos e, singularmente, dos dous concellos de maior poboación.

b) Agrupacións ou federacións de asociacións veciñais con actuación no ámbito da área sanitaria.

c) Organizacións empresariais intersectoriais máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia con presenza na área sanitaria

d) Organizacións sindicais máis representativas da Comunidade Autónoma de Galicia con presenza na área sanitaria

e) O director ou a directora da área sanitaria correspondente, as persoas xerentes dos dispositivos, dos centros e dos establecementos do Servizo Galego de Saúde comprendidos na área sanitaria e, de ser o caso, das persoas representantes dos equipos directivos dos citados dispositivos, centros e establecementos.

f) A persoa responsable de área de saúde pública

g) Un representante da Consellería de Sanidade.

h) Asociacións de pacientes."

Emenda nº17, ao apartado 1 ter), de Adición. Tres

No punto tres débese engadir un novo número no artigo 25, que quedará redactado co seguinte contido:

"1 *ter*. Os membros dos consellos de saúde de área son nomeados e separados do cargo pola persoa titular da Consellería de Sanidade, por proposta de cada unha das

representacións que o compón. O nomeamento farase por un período máximo de catro anos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan ser reelixidas sucesivamente, sempre que contén coa representación requirida."

Emenda nº18, ao apartado 2, de Modificación. Tres

No punto tres débese modificar o número 2 do artigo 25, que quedará redactado co seguinte contido:

"2. Son funcións dos consellos de saúde de área, no ámbito da área sanitaria respectiva:

- a) Proporlles aos órganos de dirección da área aquelas medidas de carácter sanitario que contribúan a elevar o nivel de saúde da poboación.
- b) Coñecer e emitir informe sobre o anteproxecto do Plan de saúde ou documento estratéxico da área sanitaria e ser informados da súa avaliación.
- c) Coñecer e emitir informe a memoria anual da área sanitaria, para os efectos do seguimento, e a avaliación da xestión.
- d) Coñecer e emitir informe dos contratos de servizos sanitarios, dos concertos e dos programas de subvención feitos na área.
- e) Propor medidas dirixidas a mellorar a xestión sanitaria.
- f) Elaborar e aprobar o seu regulamento de funcionamento interno.
- g) Aquelas outras que lle sexan atribuídas por outras leis ou regulamentos."

Emenda nº19, de Supresión. Catro

Débese suprimir todo o punto catro.

Emenda nº20, ao apartado 1, de Modificación. Seis

No punto seis débese modificar o número 1 do artigo 33, que quedará redactado co seguinte contido:

"1. Dentro das súas respectivas competencias, teñen a condición de autoridade sanitaria o Consello da Xunta de Galicia, a persoa titular da Consellería de Sanidade, os delegados territoriais da Xunta de Galicia, así como os alcaldes



e as alcaldesas. Recoñéceselle o carácter de autoridade sanitaria, no desempeño das súas funcións, ao persoal que leve a cabo a función de inspección sanitaria."

Emenda nº21, ao apartado 2, de Supresión. Dez

No punto dez débese suprimir no número 2 do artigo 67 a seguinte expresión:
Suprimir: "os distritos sanitarios"

Emenda nº22, ao apartado 2, de Modificación. Once

No punto once débese modificar o número 2 do artigo 68, que quedará redactado co seguinte contido:

"2. A división territorial do sistema público de saúde de Galicia estrutúrase nas seguintes áreas sanitarias:

- a) Ferrol
 - b) A Coruña
 - c) Cee
 - d) Santiago de Compostela
 - e) Barbanza
 - f) Lugo
 - g) A Mariña
 - h) Terra de Lemos
 - i) Pontevedra
 - j) O Salnés
 - k) Vigo
 - l) Ourense
 - m) Verín
 - n) Valdeorras"
-

Emenda nº23, ao apartado 4, de Adición. Once

No punto once débese engadir ao final do número 4 do artigo 68 o seguinte contido:

Engadir in fine: "A estrutura e as funcións dos órganos de dirección e xestión das áreas sanitarias e dos dispositivos sanitarios dependentes destas, de ser o caso, determinaranse regulamentariamente."

Emenda nº24, ao apartado 4 bis), de Adición. Once

No punto once débese engadir un novo número no artigo 68, que quedará redactado co seguinte contido:

"4 *bis*. Créase o Catálogo de Servizos Mínimos de Galicia, que definirá os servizos que cada área sanitaria ofrecerá, como mínimo, dentro do sistema sanitario público. Este catálogo de servizos queda definido no Anexo I.

O Catálogo de Servizos Mínimos de Galicia contempla as especialidades ás que a cidadanía terá acceso en cada unha das áreas. Para a aplicación efectiva deste catálogo, a consellería competente en materia de sanidade garantirá a existencia de recursos materiais e humanos axeitados para que poida ser utilizado e desenvolvido correctamente nos diferentes centros sanitarios públicos.

A existencia deste Catálogo de Servizos Mínimos de Galicia non suporá impedimento para que, dentro das posibilidades de xestión e da planificación estratéxica específica de cada área sanitaria, se poidan incluír máis servizos sanitarios que contribúan a un mellor e máis eficiente sistema sanitario público, que teña en conta as especificidades das zonas xeográficas en termos demográficos, epidemiolóxicos ou calquera outra cuestión que sexa relevante."

Emenda nº25, de Supresión. Doce

Débese suprimir o punto doce.

Emenda nº26, de Modificación. Trece

Débese modificar o punto trece, que quedará redactado co seguinte contido:

"Artigo 70. Zonas sanitarias

1. As zonas sanitarias son divisións funcionais das áreas e constitúen as unidades elementais de prestación dos servizos sanitarios. Estas zonas facilitan a xestión nas áreas de saúde e representan os territorios básicos de actuación das diferentes unidades que prestan servizos sanitarios.

2. A delimitación das zonas sanitarias terá carácter funcional, consonte criterios funcionais de índole xeográfica, demográfica,



epidemiolóxica e de accesibilidade, tendo en conta, en todo caso, as necesidades sanitarias da poboación.

3. Os concellos cunha poboación superior aos 50.000 habitantes (ou menos se así fose considerado adecuado funcionalmente) poderanse subdividir en zonas básicas para efectos de adscripción ás unidades e aos servizos de atención primaria."

Emenda nº27, ao apartado 2, de Modificación. Dezanove

No punto dezanove débese modificar o número 2 do artigo 131, que quedará redactado co seguinte contido:

"2. A Administración sanitaria tamén promoverá a valorización, protección e a transferencia do amplo coñecemento xerado polo seu persoal e/ou nos seus centros co obxecto de que os resultados da investigación sexan transferidos á sociedade, así como un modelo de innovación aberta orientado a impulsar a creatividade, a cooperación e a aplicación no sistema sanitario dos cambios que aporten valor a pacientes e profesionais.

A Administración sanitaria actuará conforme ao disposto no artigo 34 da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia, e ao establecido na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia e na disposición adicional primeira da Lei 5/2013, do 30 de maio, de fomento da investigación e da innovación de Galicia.

O persoal investigador que teña a consideración de autor ou inventor dos resultados da investigación sanitaria, poderá participar nos beneficios obtidos pola consellería competente en materia de Sanidade, polo Servizo Galego de Saúde ou polas súas entidades instrumentais derivados da explotación comercial dos mesmos, nos termos que se desenvolveran regulamentariamente."

Emenda nº28, ao apartado 3, de Modificación. Dezanove

No punto dezanove débese modificar o número 3 do artigo 131, que quedará redactado co seguinte contido:

"3. A Administración sanitaria tamén impulsará medidas para o desenvolvemento da transferencia inversa do coñecemento de cara a alcanzar un maior impacto socio-económico. Así mesmo, impulsaranse medidas de transferencia do coñecemento non orientadas á comercialización ou á explotación mercantilizada."

Emenda nº29, ao apartado 4, de Modificación. Dezanove

No punto dezanove débese modificar o número 4 do artigo 131, que quedará redactado co seguinte contido:

"4. As autoridades públicas competentes en investigación e sanidade establecerán o réxime de colaboración co Sistema Público de Saúde de Galicia."

Emenda nº30, ao apartado 5, de Modificación. Dezanove

No punto dezanove débese modificar o número 5 do artigo 131, que quedará redactado co seguinte contido:

"5. A Administración sanitaria impulsará, en coordinación coa consellería competente en materia de I+D+i, e desenvolverá os mecanismos de cooperación, colaboración e articulación de redes tendentes a favorecer que o sector sanitario se converta nun dos motores de desenvolvemento económico de Galicia en termos de actividade produtiva, de xeración de emprego de calidade, de incremento da produtividade e de achega ao produto interior bruto de Galicia."

Emenda nº31, ao apartado 6, de Modificación. Dezanove

No punto dezanove débese modificar no número 6 do artigo 131, que quedará redactado co seguinte contido:

"6. As consellerías competentes en materia de saúde e I+D+i crearán unha comisión conxunta de control, que avalíe os contratos, acordos, convenios e outras colaboracións que se poidan establecer no eido da investigación sanitaria, velando pola transparencia e o fortalecemento do sistema público."

Emenda nº32, ao apartado 3 bis), de Adición. Vinte

No punto vinte débese engadir un novo número no artigo 139 que quedará redactado co seguinte contido:

"3 *bis*. De todas as reunións celebradas se levantará a correspondente acta, a cal garantirase que estea con dilixencia a disposición xeral na páxina web da Xunta de Galicia."

Emenda nº33, de Supresión. Disposición transitoria primeira

Suprimir a Disposición transitoria primeira.

Emenda nº34, de Adición. Disposición transitoria segunda

Débese engadir ao final da Disposición transitoria segunda o seguinte contido:

Engadir in fine: "o cal debe ser aprobada por decreto no prazo máximo de seis meses."

Emenda nº35, de Modificación. Disposición derradeira primeira

Débese modificar a Disposición derradeira primeira que quedará redactada co seguinte contido:

"Disposición derradeira primeira. Habilitación normativa
Facúltase o Consello da Xunta para ditar no prazo máximo de seis meses as disposicións regulamentarias necesarias para o axeitado desenvolvemento desta lei."

Emenda nº36, de Adición. Anexo I. Catálogo de Servizos Sanitarios Mínimos de Galicia

Débese engadir un anexo (despois da Disposición derradeira segunda), que quedará redactado co seguinte contido:

"Anexo I. Catálogo de Servizos Sanitarios Mínimos de Galicia

- Alergoloxía
- Análises clínicos
- Anatomía patolóxica
- Anestesia e reanimación
- Aparato dixestivo
- Atención sanitaria domiciliaria



- Bioquímica clínica
- Cardioloxía
- Cirurxía xeral e dixestivo
- Cirurxía maior ambulatoria
- Cirurxía menor ambulatoria
- Cirurxía ortopédica e traumatoloxía
- Coidados intensivos neonatais
- Coidados intermedios neonatais
- Coidados paliativos
- Dermatoloxía
- Diálise
- Endocrinoloxía
- Enfermería xeral
- Enfermería obstétrico-xinecolóxica (Matrona)
- Extracción de órganos
- Farmacia
- Fisioterapia
- Xinecoloxía
- Hematoloxía clínica
- Hospital de Día
- Implantación de tecidos
- Laboratorio de hematoloxía
- Medicina interna
- Medicina preventiva
- Microbioloxía e Parasitoloxía
- Nefroloxía
- Neumoloxía
- Neuroloxía
- Obstetricia
- Obtención de mostras
- Obtención de tecidos
- Oftalmoloxía
- Otorrinolaringoloxía
- Oncoloxía
- Pediatría
- Planificación familiar
- Psicoloxía clínica
- Psiquiatría
- Radiodiagnóstico
- Rehabilitación
- Reumatoloxía
- Servizo de transfusión
- Tele-Radiodiagnóstico
- Tratamento da dor
- Urxencias
- Uroloxía
- Vacinación"

Emenda nº37, de Supresión. Exposición de motivos

No epígrafe I, no segundo parágrafo da exposición de motivos, débese suprimir o seguinte contido:

"...,dos consellos de saúde de distrito,..."

Emenda nº38, de Modificación. Exposición de motivos

No epígrafe I, no segundo parágrafo da exposición de motivos, débese modificar a seguinte expresión:

Onde di: "...do Sistema público de Saúde de Galicia en áreas, distritos e zonas sanitarias;..." debe dicir: "...do sistema público de Saúde de Galicia en áreas e zonas sanitarias;..."

Emenda nº39, de Supresión. Exposición de motivos

No epígrafe II da exposición de motivos débese suprimir o segundo parágrafo.

Emenda nº40, de Supresión. Exposición de motivos

No epígrafe II da exposición de motivos débese suprimir o cuarto parágrafo.

Emenda nº41, de Supresión. Exposición de motivos

No epígrafe II da exposición de motivos débese suprimir o quinto parágrafo.

Emenda nº42, de Modificación. Exposición de motivos

No epígrafe II, ao final do quinto parágrafo da exposición de motivos, débese modificar o seguinte contido:

Onde di: "Por tal motivo, a división en sete áreas sanitarias..."
debe dicir: "Por tal motivo, a división en áreas sanitarias..."

Emenda nº43, de Supresión. Exposición de motivos

No epígrafe II da exposición de motivos débese suprimir o
sexto parágrafo.

Emenda nº44, de Supresión. Exposición de motivos

No epígrafe II da exposición de motivos débese suprimir o
sétimo parágrafo.

Emenda nº45, de Modificación. Exposición de motivos

No epígrafe III, no terceiro parágrafo da exposición de motivos,
débese modificar o seguinte contido:
Onde di: "...polo Consello da Xunta de Galicia o que estableza
a composición..." debe dicir: "...polo Consello da Xunta de
Galicia o que desenvolva a composición..."

Emenda nº46, de Supresión. Exposición de motivos

No epígrafe IX, débese suprimir o segundo parágrafo da
exposición de motivos.

Asinado dixitalmente por:

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 07/02/2018
17:21:11**

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO BLOQUE
NACIONALISTA GALEGO AO PROXECTO DE LEI POLO QUE SE
MODIFICA A LEI 8/2008, DO 10 DE XULLO, DE SAÚDE DE GALICIA (NUM.
EXPE. 10/PL-000009).**

Emenda nº1, de Substitución. Un

Emenda de substitución. Un

Substitución do apartado Un polo seguinte texto:

"Artigo 23. Órganos de participación social

1. Esta lei prevé o Consello Galego de Saúde como órgano de participación comunitaria, e, no ámbito de cada área sanitaria, os consellos de saúde de área.
2. Estes órganos desenvolverán funcións consultivas e de asesoramento na formulación de plans e obxectivos xerais no ámbito territorial respectivo, así como no seguimento e na avaliación dos resultados de execución.
3. Esta lei prevé outras fórmulas de participación social e individual, tales como as comisións de participación cidadá e voluntariado.
4. Os membros dos órganos de participación terán dereito á información relativa ás materias sobre as que teñan competencia, con acceso e consulta, en calquera momento e nun tempo razoable, respecto de datos ou documentos dispoñibles pola Administración, de contratos de servizos sanitarios, concertos e programas, así como do informe e avaliación de seguimento relativo a estes.
5. Estes órganos terán unha composición de xénero paritaria.
6. Os acordos dos órganos de participación serán tomados por maioría de dous terzos do organismo."

Emenda nº2, de Supresión. Dous

Emenda de supresión. Dous

Suprimir todo o apartado Dous.

Emenda nº3, de Supresión. Tres

Emenda de supresión. Tres

Suprimir o apartado Tres.

Emenda nº4, de Supresión. Catro

Emenda de supresión. Catro

Suprimir o apartado Catro.

Emenda nº5, de Supresión. Cinco

Emenda de supresión. Cinco

Suprimir o apartado Cinco.

Emenda nº6, de Supresión. Seis

Emenda de adición. Seis.

Engadir un apartado 2 co seguinte texto:

"2. Todos os centros, servizos e establecementos sanitarios sometidos a esta lei, e o seu persoal, teñen a obriga de adoptar as medidas oportunas para garantir os dereitos das /os doentes e para exixir o cumprimento das obrigas reguladas nela. No lexítimo exercicio daquelas obrigas, o persoal dos centros públicos terá a consideración de autoridade pública. Os poderes públicos velarán polo axeitado cumprimento e protección das medidas e funcións sinaladas."

Emenda nº7, de Supresión. Dez

Emenda de supresión. Dez



Suprimir o apartado Dez.

Emenda nº8, de Supresión. Once

Emenda de supresión. Once

Suprimir o apartado Once.

Emenda nº9, de Adición. Once

Emenda de adición. Once

Engadir no artigo 68 da Lei 8/2008 un apartado 5, co seguinte texto:

"5. A división territorial do Sistema Público de Saúde de Galiza estrutúrase nas seguintes áreas sanitarias:

1. Área sanitaria da Coruña
 2. Área sanitaria de Cee
 3. Área sanitaria de Santiago de Compostela
 4. Área sanitaria da Barbanza
 5. Área sanitaria de Ferrol
 6. Área sanitaria de Lugo
 7. Área sanitaria da Mariña
 8. Área sanitaria de Monforte de Lemos
 9. Área sanitaria de Ourense
 10. Área sanitaria de Verín
 11. Área sanitaria de O Barco
 12. Área sanitaria de Pontevedra
 13. Área sanitaria do Salnés
 14. Área sanitaria de Vigo."
-

Emenda nº10, de Supresión. Doce

Emenda de supresión. Doce

Suprimir o apartado Doce.

Emenda nº11, de Supresión. Trece

Emenda de supresión. Trece

Suprimir o apartado Trece.

Emenda nº12, de Adición. Trece Bis

Emenda de adición. Trece Bis

Engadir no artigo 110 un artigo 1 bis que queda redactado como segue:

"O persoal estatutario do Sistema Público de Saúde de Galicia poderá pasar a prestar servizos en postos de traballo das unidades e dos servizos da Administración sanitaria mediante concurso de traslados que será regulado na mesa sectorial."

Emenda nº13, de Adición. Trece Ter

Emenda de adición. Trece Ter.

Engadir no artigo 113 dous novos apartado 6 e 7 que quedan redactados como segue:

"6. Os centros sanitarios aprobarán anualmente un censo con enumeración dos postos de traballo existentes por servizos e categorías e/ou postos de traballo, con indicación das súas características básicas, diferenciando cales corresponden a prazas orzamentadas e cales corresponden a vinculacións temporais. Deste censo darase traslado á representación sindical .

7. En cumprimento da directiva europea 1999/70/CE. que establece o principio de non discriminación ao persoal temporal ao servizo das Administracións Pública, aplicarse a igualdade de condicións laborais e retributivas do persoal temporal respecto ao persoal fixo."

Emenda nº14, de Modificación. Quince

Emenda de modificación. Quince

Substituír todo o texto do artigo dende “desenvolvemento profesional” polo seguinte texto:

"os concursos de traslados poderán ter unha vixencia indefinida mediante un sistema de participación aberto e permanente con adxudicación periódica de destinos."

Emenda nº15, de Adición. Dezaseis

Emenda de adición. Dezaseis

Engadir un novo apartado 3 co seguinte texto:

"3. A definición dos itinerarios profesionais negociaranse en Mesa Sectorial."

Emenda nº16, de Adición. Dezaioito

Emenda de adición. Dezaioito

Engadir ao final do punto 5 o seguinte texto:

"O decreto que regula as condicións das/os titores/as será negociación na Mesa Sectorial. Previo a ser establecido como requisito ou mérito baremábel."

Emenda nº17, ao apartado 1, de Supresión. Dezanove

Emenda de supresión. Dezanove

Suprimir todo o punto 1 do apartado Dezanove.

Emenda nº18, ao apartado 2, de Supresión. Dezanove

Emenda de supresión. Dezanove

Suprimir o punto 2 do apartado Dezanove.

Emenda nº19, ao apartado 3, de Modificación. Dezanove

Emenda de modificación. Dezanove

Modifícase o punto 3, quedando redactado como segue:

"Impulsaranse medidas de transferencia do coñecemento non orientadas á comercialización ou á explotación mercantilizada, como a creación de espazos ou foros públicos comúns en materia de saúde pública."

Emenda nº20, ao apartado 4, de Supresión. Dezanove

Emenda de supresión. Dezanove

Suprimir o segundo parágrafo do punto 4 do apartado Dezanove.

Emenda nº21, ao apartado 5, de Supresión. Dezanove

Emenda supresión. Dezanove

Suprimir o texto do segundo parágrafo do punto 5 do apartado Dezanove que vai despois de "licitacións".

Emenda nº22, ao apartado 6, de Supresión. Dezanove

Emenda de supresión. Dezanove

Suprimir o punto 6 do apartado Dezanove.

Emenda nº23, de Modificación. Vinte

Emenda de modificación. Vinte

No punto 3 do artigo 139 ao que se refire o apartado Vinte, substituír: “procurarase”, por: “terá”.

Emenda nº24, de Supresión. Disposición transitoria primeira

Emenda de supresión. Disposición transitoria primeira

Suprimir o texto da Disposición transitoria primeira.

Emenda nº25, de Supresión. Disposición transitoria segunda

Emenda de supresión. Disposición transitoria segunda

Suprimir o texto da Disposición transitoria segunda.

Emenda nº26, de Adición. Disposición transitoria segunda bis

Emenda de adición. Disposición transitoria segunda bis

"Disposición transitoria segunda bis

No prazo máximo dun ano crearase a categoría de persoal investigador dentro das categorías estatutarias do persoal do Sergas."

Emenda nº27, de Adición. Disposición adicional primeira

Emenda de adición. Disposición adicional primeira

Engadir unha nova disposición adicional primeira co seguinte texto:

"Disposición adicional primeira.

Procederase, no prazo máximo de 6 meses ao, desenvolvemento regulamentario dos órganos de dirección e xestión das áreas sanitarias ao que se refire o apartado 5 do artigo 92. Contemplará unha xerencia diferenciada para a Atención Especializada e Atención Primaria de cada unha das mesmas con capacidade executiva, máxima autonomía na xestión de recursos humanos, económicos e de planificación asistencial; e establecerase os mecanismos de coordinación entre as mesmas."

Emenda nº28, de Adición. Disposición adicional segunda

Emenda de adición. Disposición adicional segunda

Engadir unha nova disposición adicional segunda co seguinte texto:

"Disposición adicional segunda

Os órganos de participación social contemplados na Lei 8/2008, constituiranse e procederase á súa convocatoria no prazo máximo de 6 meses desde a entrada en vigor desta lei."

Emenda nº29, de Adición. Disposición adicional terceira

Emenda de adición. Disposición adicional terceira

Engadir unha nova disposición adicional terceira co seguinte texto:

"Disposición adicional terceira. Estatuto xurídico do persoal do sistema público de saúde.

No prazo máximo de tres meses desde a aprobación desta lei iniciarase no ámbito da mesa sectorial as negociacións para desenvolver a Lei do Estatuto xurídico dos empregados e empregadas públicas de saúde de Galicia, contemplado no punto 3 do artigo 109 da Lei 8/2008."

Emenda nº30, de Adición. Disposición adicional cuarta

Emenda de adición. Disposición adicional cuarta

Engádesse unha nova disposición adicional cuarta co seguinte texto:

"Disposición adicional cuarta. Planificación de recursos humanos.

No prazo máximo de seis meses desde a aprobación desta lei o Sergas elaborará o decreto de integración do persoal establecido no apartado 5 do artigo 112."

Emenda nº31, de Adición. Disposición adicional quinta

Emenda de adición. Disposición adicional quinta

Engádesse unha nova disposición adicional quinta co seguinte texto:

"Disposición adicional quinta

No prazo de 6 meses procederase ao inicio dos trámites necesarios, a fin de que se produza a reversión ao Servizo Galego de Saúde do Centro de Transfusión de Sangue, o 061, o INGO, así como da empresa pública Galaria aos que se fai referencia no artigo 92.6 da lei 8/2008 de Saúde de Galicia."

Emenda nº32, de Adición. Disposición adicional sexta

Emenda de adición. Disposición adicional sexta

Engádesse unha nova disposición adicional sexta co seguinte texto:

"Disposición adicional sexta

No prazo máximo dun ano procederase ao desenvolvemento regulamentario do Mapa Sanitario de Galicia que contempla o artigo 67 da Lei 8/2008 de Saúde de Galiza, previa negociación e consenso cos axentes políticos, sociais e sindicais."

Emenda nº33, de Supresión. Disposición derogatoria única

Emenda de supresión. Disposición derogatoria única



Débese suprimir o seguinte texto:

"e, en particular, a Lei 13/1992, do 9 de novembro, de revisión do Mapa sanitario para crear a Área de Saúde do Salnés."

Asinado dixitalmente por:

**María Montserrat Prado Cores na data 07/02/2018
17:29:05**

Ana Pontón Mondelo na data 07/02/2018 17:29:10

**EMENDAS PRESENTADAS POLO GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA AO PROXECTO DE LEI POLO QUE SE MODIFICA A LEI
8/2008, DO 10 DE XULLO, DE SAÚDE DE GALICIA (NUM. EXPE. 10/PL-
000009).**

Emenda nº1, de Substitución. Cinco

Débase substituír a redacción actual do apartado Cinco pola seguinte:

"Cinco. Engádesse un artigo 26 bis que queda redactado como segue:

Artigo 26 bis. Os Consellos asesores de pacientes.

1. O Consello Asesor de Pacientes de Galicia é o órgano de participación no ámbito territorial galego das asociacións nas que se agrupan os pacientes e ten como finalidade a mellora da calidade da asistencia sanitaria a través da percepción dos propios pacientes.

2. Nas áreas sanitarias existirán Consellos Asesores de Pacientes de Área, como órganos de participación das asociacións nas que se agrupan os pacientes no ámbito territorial da respectiva área.

3. A composición e o réxime de funcionamento destes órganos establecerase por orde da consellería competente en materia de Sanidade. Na composición destes órganos procurarase unha composición equilibrada de mulleres e homes."

Emenda nº2, ao apartado Catorce bis, de Adición. Catorce

Créase un apartado Catorce bis co seguinte contido:

'Catorce bis. Modifícase o número 2 do artigo 115, que queda redactado como segue:

“A selección do persoal do Sistema Público de Saúde de Galicia realizarase de conformidade cos requisitos e sistemas establecidos pola normativa básica vixente e a autonómica de desenvolvemento.

Non obstante o anterior, en virtude da previsión contida no artigo 57.5 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, por razóns de interese xeral e necesidades obxectivas, poderá eximirse do requisito da nacionalidade para o acceso á condición de persoal estatutario das categorías profesionais de licenciado sanitario”.

Emenda nº3, ao apartado Dezaseis bis, de Adición. Dezaseis

Créase un novo apartado Dezaseis bis co seguinte contido:

'Dezaseis bis. Os números 1 e 2 do artigo 121 quedan redactados como segue:

"1. É persoal directivo aquel que desempeña funcións directivas profesionais no Sistema Público de Saúde de Galicia. En ningún caso consideraranse incluídas dentro das funcións directivas profesionais as correspondentes aos órganos da consellería competente en materia de sanidade, do Servicio Galego de Saúde e das entidades instrumentais adscritas a estes, cuxos titulares teñan a consideración de alto cargo de acordo con establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. En particular, os estatutos das entidades públicas instrumentais determinarán se as persoas titulares dos seus órganos executivos teñen a consideración de alto cargo cuxa designación realizarase por decreto do Consello da Xunta de Galicia, ou de persoal directivo profesional.

2. Consideraranse funcións directivas as funcións de dirección, xerencia e xestión do Sistema Público de Saúde de Galicia nos seus niveis central e periférico, sempre que non correspondan ás funcións dos órganos cuxos titulares teñan a consideración de alto cargo conforme ao indicado no número anterior.”

Emenda nº4, de Modificación. Vinte



Débese incluír un novo apartado Vinte bis co seguinte contido:

"Vinte bis. As referencias ao termo 'atención especializada' que figuran nos artigos 10, 12, 48, 50, 51 e 97, así como no parágrafo sexto do apartado 4 da exposición de motivos quedan substituídas por 'atención hospitalaria'."

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 07/02/2018 18:14:45

ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS

1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS

1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO

1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN

2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO

2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO

2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS

2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR


2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO

3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS

4.1. INFORMACIÓNS

4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS



PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727